



## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Exp: 279/2026

### **APROBACIÓN DA LISTA CANDIDATOS ENVIADOS POLO SEPEG PARA SELECCIÓN DE UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO, DENTRO DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O ANO 2026 SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.**

Vista as bases reguladoras e convocatoria do Plan de Confinanciamento de Servizos Sociais para o ano 2026, publicado no BOPPO nº 6, do 12 de xaneiro de 2026.

Vista a concesión da subvención con nº de rexistro de entrada 2026-E-RC-327 da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 02/03/2026.

Visto o RC de 12/03/2026 nº operación 2026/EP/000521, por importe de 9.753,05 €, con cargo ás aplicacións 2026.2310.13100 e 2026.2310.16000 (subvención Plan cofinanciamento).

Vista Resolución de alcaldía nº 2026-0210, de data 13/03/2026, de bases e convocatoria para a contratación laboral temporal de unha praza de auxiliar administrativo, dentro do plan de Confinanciamento de Servizos Sociais para o ano 2026, subvencionado pola Deputación Provincial de Pontevedra.

Vista a lista de persoas candidatas para participar no proceso de selección enviado pola oficina de emprego de Redondela de data 16/03/2026 e nº 12-2026-1892.

De acordo coas atribucións do meu cargo que me confire a Lei 7/85 reguladora de Bases de Réxime Local,

### RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a lista de persoas candidatas para participar no proceso de selección de auxiliar administrativo enviada pola oficina de emprego de Redondela:

Número de oferta 12-2026-1892

1. BOUZON RODRIGUEZ PILAR
2. GARCIA ROMAN MARIA MERCED
3. MENDEZ DOMINGUEZ MARIA ESTHER
4. MIGUEZ GIRALDEZ NOELIA
5. SANDE VAZQUEZ SUSANA

**Segundo.-** Os aspirantes que se relacionan no listado remitido polo SEPEG, poderán presentar a súa solicitude en instancia dirixidas ao Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Pazos de Borbén, **anexo I, ata o día 23/03/2026**. O SEPEG notificará aos candidatos da lista para que os que desexen presenten a solicitude. Ademais o Concello de Pazos de Borbén publicará o listado de persoas candidatas recibidas no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>.





**Terceiro.-** A proba práctica de carácter obrigatorio nunha nunha proba práctica de informática sobre libre office, relacionada coas tarefas a desempeñar no posto de traballo. Esta proba terá como finalidade a avaliación de competencias e destrezas profesionais dos aspirantes a hora da súa adecuación o posto de traballo. A proba práctica realizarase o 24/03/2026 ás 9:00 na Biblioteca do Concello de Pazos de Borbén Para pasar a proba práctica deberase acadar unha puntuación mínima de 5 puntos, sendo eliminados todos aqueles aspirantes que non acaden dita puntuación.

Deberán acudir as probas provistos do DNI nas horas e datas dos respectivos chamamentos.

**Cuarto.-** O Tribunal Cualificador designado nas bases e convocatoria para a contratación laboral temporal de unha praza de auxiliar administrativo, dentro do plan de Confinanciamento de Servizos Sociais para o ano 2026, subvencionado pola Deputación Provincial de Pontevedra., corresponde a:

*Un presidente: Jose Manuel Soto Virulegio*

*Secretaria: María Isabel Fragueiro Piñeiro*

*Tres vogais:*

*1º María Cyntia López Castellano*

*2º Vanesa Boulosa Peralba*

*3º María Begoña Tellado Míguez*

*Suplentes:*

*Presidente: Pilar Fernández Alonso*

*Secretaria: Rocío Comesaña Campos*

*Vogais suplentes:*

*1. Ana Lusquiños Fonterosa*

*2. Angélica María Gómez Fariña*

*3. María del Rosario González Sánchez*

**Quinto.-** Notificar ao tribunal cualificador adxuntándolle as bases e convocatoria para a contratación laboral temporal de unha praza de auxiliar administrativo, dentro do plan de Confinanciamento de Servizos Sociais para o ano 2026, subvencionado pola Deputación Provincial de Pontevedra.

**Sexto.-** Publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/info.0>, do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal> o listado de candidatos recibidos.

*Contra o presente acto, que é definitivo en vía administrativa, poderá interpoñer os seguintes recursos:*

- *Recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo de UN MES dende o día seguinte ó do recibo desta notificación e non poderá interpoñer recurso contencioso-administratiivo ata que sexa resolto expresamente este recurso de reposición ou se producirA a súa desestimación presunta, por transcorrer UN MES sen ditar e noticala resolución do recurso.*





- *Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo (ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo o obxectos dos actos), no prazo de DOUS MESES dende o día seguinte ó do recibo desta notificación, ou da notificación do recurso de reposición, se foxe expresa. Se non fose, o prazo será de SEIS MESES, dende o día seguinte ó do que se produza a desistimación presunta.*
- *Calquera outro recurso que se estime oportuno.*

**En Pazos de Borbén,**

**RESOLUCIÓN ASINADA POLO ALCALDE MEDIANTE CERTIFICADO ELECTRÓNICO, NA DATA QUE FIGURA NA MESMA SINATURA, EXTENDIDA AO MARXE DO DOCUMENTO.  
DOU FE. A SECRETARIA-INTERVENTORA, MEDIANTE FIRMA DIXITAL AO MARXE.**

